

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**


**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder a licenza solicitada para o parcelamento da parcela matriz sita na rúa da Millara, cunha superficie de 2.756,10 m<sup>2</sup>, en dúas parcelas.

Tamén se acorda conceder as seguintes licenzas: para demolición parcial de edificación auxiliar e execución de peche, no núcleo rural 33.2, As Regas - Zarra; para cambio de uso para a implantación dun garaxe privado na planta baixa do edificio construído coas licenzas municipais números 386/06 e 1016/12, sito na rúa Dona Urraca, número 26; para redistribución de prazas de garaxe e execución de 8 rochos, quedando un total de 20 prazas de garaxe e 11 rochos, na planta soto do edificio sito na rúa Serra dos Ancares, número 5; para cambio de uso de cinco locais sen uso definido a cinco vivendas no edificio sito na avenida da Coruña, esquina rúa Menorca; e para legalización de obras de rehabilitación de edificio para uso de restaurante e obras de reforma para a súa adaptación á legalidade, sito na rúa Cidade de Vigo, número 1.

**2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.-** Acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 17/12 feita con data do 26 de marzo de 2012, da edificación sita na zona ou lugar de Vilar (na marxe dereita da estrada que vai dende Orbazai a Ombreiro) na parroquia de Santa María Madanela de Adai, con uso principal residencial.

Tamén se acorda a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 68/12 feita con data do 4 de abril de 2012, das construcións, sitas na rúa do Fiuncho-Albeiros, con uso residencial e con uso de poleiro e almacén.

Código Seguro de verificación:hvIi9tzdV8qHQF5zHXcUFw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	21/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	hvIi9tzdV8qHQF5zHXcUFw==	PÁGINA	1/2
 hvIi9tzdV8qHQF5zHXcUFw==				

Así mesmo, acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 100/12 feita con data do 17 de abril de 2012, do baixo cuberta existente con uso residencial no inmovible sito na rúa Estaca de Bares, número 26.

Do mesmo xeito, acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 152/12 feita con data do 19 de abril de 2012, do baixo cuberta dereita existente con uso residencial no inmovible sito na rúa Mestre Soutullo, número 33.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acordase o recoñecemento de compatibilidade para o desempeño dun posto de profesora asociada na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo, para o curso 2014-2015.

**4. ACTAS E GOBERNO.-** Acórdase a ampliación do acordo número 15/323 da Xunta de Goberno Local do 7 de maio de 2014, relativo ó réxime de substitución do Xefe da Asesoría Xurídica.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**


**5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase aprobar a revisión de prezos do contrato asinado coa mercantil adxudicataria da contratación de vinte e cinco prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna para o período que vai dende o 6 de xullo de 2014 ata o 5 de xullo de 2015.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase a delegación de competencias na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coas contratacións relativas ás festas de San Froilán 2014**

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:hvIi9tzdV8qHQF5zHXcUFw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	21/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	hvIi9tzdV8qHQF5zHXcUFw==	PÁGINA 2/2



hvIi9tzdV8qHQF5zHXcUFw==